

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CRUZ
ROJA ESPAÑOLA**


Santiago de Compostela a catro de xuño de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona Concepción Fernández Fernández, Concelleira-delegada da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño de 2017, polo Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a este polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,



Don José Luís Barreiro Conde, con DNI 33205259K, que intervéen neste acto en calidade de representante legal de **CRUZ ROJA ESPAÑOLA**, con número de identificación fiscal Q2866001G e domicilio na Avenida Reina Victoria, 26, código postal 28003 Madrid, e domicilio para efectos de notificacións en Avenida de Lugo, s/n, código postal 15703, en Santiago de Compostela (A Coruña), como entidade sen ánimo de lucro (ONG) constituída o 6 de xullo de 1864 e rexida polo texto consolidado do Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, actuando como presidente e conforme as competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 17 dos estatutos da entidade no seu texto consolidado da Orde de 4 de setembro de 1997 pola que se dispón a publicación dos Estatutos da Cruz Vermella Española.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN



Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa

plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Segundo o artigo 2º.3 da referida norma, os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan.

Segundo.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atibuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

Terceiro

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

Cuarto.

CRUZ ROJA ESPAÑOLA configúrase como unha institución humanitaria, de carácter voluntario e de interese público ao abeiro dos convenios internacionais sobre a materia nos que España sexa parte, do texto consolidado do Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo, polo que se establecen as normas de

ordenación da Cruz Vermella Español, da lexislación que lle sexa aplicable e das súas propias normas internas, en particular o texto consolidado da Orde de 4 de setembro de 1997 pola que se dispón a publicación dos Estatutos da Cruz Vermella Española, tendo capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, e carecendo de ánimo de lucro.

Quinto.

CRUZ ROJA ESPAÑOLA ten o obxectivo e fins detallados nos artigos 2 do Real Decreto 415/1996, de 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Español e 5 da Orde de 4 de setembro de 1997 pola que se dispón a publicación dos Estatutos da Cruz Vermella Española.

No documento estratéxico 2015-2019 aprobado pola VIII Asamblea Xeral defínense os obxetivos da institución:

- a) Unha cruz vermella comprometida con principios e valores.
- b) Unha cruz vermella comprometida coas situacións de vulnerabilidade.
- c) Unha cruz vermella comprometida coa sociedade.
- d) Unha cruz vermella comprometida, en constante evolución

Tomando de referencia o último dos obxectivos, **CRUZ ROJA ESPAÑOLA** está a desenvolver actividades de promoción social e desenvolvemento comunitario, encamiñadas basicamente á cobertura de servizos sociais de carácter polivalente prestando apoio ós colectivos de persoas maiores, persoas con discapacidade, con problemas de autonomía persoal, de soidade, para posibilitar a mobilidade destas persoas e aliviar a carga que supón para as súas familias.

Sexto.

O Concello de Santiago de Compostela e **CRUZ ROJA ESPAÑOLA** en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento dos seguintes programas:

- “ENRÉDATE”.

- “AXUDA A DOMICILIO COMPLEMENTARIA”.
- “PLAN DE SAÚDE”.
- “TELEASISTENCIA DOMICILIARIA”.
- “ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR”.

Para levar a cabo este programa o custe total aproximado, ascende a un total de **SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00 €)**.

(Ver Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio no ANEXO I).

Así mesmo, por medio do presente convenio **CRUZ ROJA ESPAÑOLA** ofrécese ao Concello de Santiago como entidade colaboradora para acoller a persoas que están a realizar traballos en beneficio da comunidade como forma de integración social.

SEGUNDA.- CONTIDO.

2.1. DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA: “ENRÉDATE”

- DESCRICIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA

Proxecto destinado a mellorar as relacións sociais das persoas maiores no seu entorno próximo e comunitario. Parte da participación social como base para o afrontamento da soidade. A finalidade que pretende é o mantemento das persoas maiores no seu domicilio o maior tempo posible, motivando que o desenvolvemento social destas sexa un pilar claro na mellora da súa calidade de vida durante o proceso de envellecemento.

As actividades que se levarán a cabo serán:

- Chamadas telefónicas semanais de acompañamento a tódalas persoas participantes que non poden saír do fogar a través da ferramenta de proximidade local.
- Taller de manualidades onde os maiores poidan desenvolver unha actividade grupal e comunicativa.
- Celebracións tradicionais de cultura galega con finalidade participativa.

A poboación beneficiaria son persoas maiores de 65 anos con escasa ou nula rede social e sentimentos de soidade.

Requírese avaliación individual previa para participar neste proxecto.

- OBXECTIVOS E PRIORIDADES

OBXECTIVO Xeral: mellorar a calidade de vida das persoas maiores con relacións sociais e/ou familiares deficitarias no seu proceso de envellecemento.

OBXECTIVO específico: mellorar as relacións sociais das persoas maiores no seu entorno próximo e comunitario.

Prioridades:

- Concienciar á persoa maior da mellora da súas relacións sociais/comunitarias mais próximas a través de accións informativas.
- Posibilitar a realización de actividades necesarias para facilitar a asistencia.
- Mellorar a implicación da persoa maior na mellora das súas relacións sociais e das de outras persoas maiores.
- Proxecto xestionado cumprindo os requisitos de CRE, tanto en seguimento como en avaliación e participación de voluntariado.

- **ÁMBITO TERRITORIAL**

A área de influencia xeográfica das persoas destinatarias será as zonas rurais do municipio (parroquias) así como o núcleo urbano da cidade.

- **PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

As actividades van destinadas a persoas maiores de 65 anos.

Estímase unha participación no 2019 de 145 persoas maiores.

- **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO**

Que o 50% das persoas participantes do proxecto realicen polo menos 5 actividades diferenciadas ao longo do ano.

De maneira interna realízanse seguimentos trimestrais coas persoas usuarias, a técnica de voluntariado e o coordinador da asemblea.

De maneira externa valórase realizar 2 seguimentos anuais coa responsable do proxecto no Concello de Santiago de Compostela.

- **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO**

Recursos humanos: Persoal (2 Técnicas e 30 Voluntarios/as)

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

Avaliación durante o funcionamento do proxecto. Avaliase o grao de participación, a satisfacción, o incremento de persoas participantes, a implicación do voluntariado, a formación do voluntariado e a coordinación con entidades da cidade.

Avaliación posterior: determinación do logro de obxectivos e análise do proxecto con recomendacións.

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

Dábase visibilidade e difúndirase a través de prensa escrita, redes sociais e coordinación-cooperación con entidades sociais e sanitarias do Concello de Santiago

- **DATAS:**

1 de xaneiro a 31 de decembro de 2019

- **ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:**

2.1.1. NOME DA ACTIVIDADE: Acompañamentos social, apoio emocional e compañía mediante chamadas telefónicas

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER

Chamadas telefónicas de carácter semanal para persoas maiores con problemas de soidade. Chamadas reflexadas na central de proximidade local.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Atender mediante o seguimento de persoas maiores con sentimentos de soidade ou en situación de illamento. Obxectivo "Capilaridade": seguimento continuado a persoas usuarias de zonas rurais, illadas ou con problemática de soidade que non saen do domicilio.

LUGAR DE REALIZACIÓN

Asemblea Cruz Vermella Santiago.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE

Para o ano 2019 previsa unha atención de 60 persoas maiores de 65 anos con valoración individualizada previamente (sentimentos de soidade, illamento...)

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN Y EXECUCIÓN

- Valoracións individualizadas para incluír as persoas maiores nos proxectos.
- Formación do voluntariado que leva a cabo os seguimentos a través da ferramenta de proximidade local.
- Axendar as persoas usuarias con carácter semanal ou outra periodicidade (segundo demanda), tamén axendar os cumpreanos das persoas para felicitalos directamente nos seguimentos.
- Chamadas e seguimentos a través da central de proximidade de luns a venres entre as 11-13 horas.

RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACION DA ACTIVIDADE.

Humanos:

- 1 traballadora social responsable do proxecto.
- 1 Técnica de voluntariado.
- 5 Persoas voluntarias de seguimento coas persoas maiores.

Materiais:

- 1 central de contacto: proximidade local.
- Ordenador, teléfono.
- Material fungible.

DATAS

1 xaneiro a 31 de decembro de 2019

2.1.3. NOME DA ACTIVIDADE: Obradoiros de Manualidades.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Actividades plásticas onde se traballa a motricidade fina nas persoas maiores ao tempo que se pretende mellorar a participación social e comunitaria das persoas participantes. Traballos con óleo, tellas, estaño...

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Favorecer un espazo de encontro mutuo de persoas maiores con escasa participación comunitaria para favorecer e aumentar a súa rede social.

LUGAR DE REALIZACION

Asemblea Cruz Vermella Santiago.

PERSOAS DESTINATARIAS

Maiores de 65 anos. 1 grupo. Total de persoas participantes: 15 persoas.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN Y EXECUCIÓN

- Xestión de voluntariado.
- Avaliación e inscricións das persoas participantes.
- Reunións de voluntariado trimestrais para programar actividade e seguimento.
- Realización semanal do obradoiro de manualidades.

RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACION DA ACTIVIDADE.

Humanos:

- 1 traballadora social responsable do proxecto.
- 1 técnica de voluntariado.
- 6 Voluntarias dinamizadoras da actividade.

Materiais:

- Específico funxible para manualidades.
- Aula e cadeiras.

DATAS

1 xaneiro a 31 de decembro de 2019

2.1.4. NOME DA ACTIVIDADE: Actividades trimestrais de lecer

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Actividades festivas de carácter grupal e/ou interxeneracional con motivo de datas sinaladas na tradición cultural galega.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Mellorar as relacións sociais das persoas maiores con problemas de soidade ou illamento mediante a participación comunitaria.

LUGAR DE REALIZACIÓN.

Asemblea de Cruz Vermella Santiago e Salón Actos Centro Sociocultural Fontiñas.

PERSOAS EXCLUSIVAMENTE DAS ACTIVIDADES

Prevese realizar a actividade cun total de 70 persoas.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN Y EXECUCIÓN.

- Xestión e seguimento do voluntariado.
- Programación actividades de dinamización.
- Coordinación con outras entidades: corais, museos, etc.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACION DA ACTIVIDADE.

Humanos:

1 Traballadora social responsable do proxecto.

1 Técnica de voluntariado.

Voluntariado

Materiais:

1 Vehículo.

1 Ordenador y 1 teléfono.

Material funxible.

DATAS

1 xaneiro a 31 de decembro de 2019.

2.2. DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA: "AXUDA A DOMICILIO COMPLEMENTARIA".

• **DESCRIBIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

Proxecto destinado á mellora da calidade de vida das persoas en situación de maior vulnerabilidade e dependencia. O obxectivo é favorecer que as persoas permanezan o maior tempo posible no seu entorno domiciliario, facilitando a súa asistencia a recursos da cidade e previndo os accidentes domésticos.

• **OBXECTIVOS E PRIORIDADES**

Obxectivo xeral: axudar na permanenza da persoa maior no seu domicilio así como no seu entorno social.

Obxectivo específico: aumentar a capacidade das persoas maiores para a realización de actividades básicas e instrumentais da vida diaria.

• **ÁMBITO TERRITORIAL**

Hospitais e centros de saúde de Santiago de Compostela. Sedes servizos socio-sanitarias.

Concello de Santiago de Compostela (zona rural e urbana)

• **PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

As actividades van destinadas a persoas maiores de 65 anos de zonas rurais/urbanas de Santiago de Compostela, previa valoración.

Estímase una participación total no proxecto de 30 persoas maiores.

- **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO**

-Seguimento interno na entidade de carácter trimestral co voluntariado

-Seguimento individual dos acompañamentos ás xestións

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

Recursos humanos:

1 traballadora social.

1 técnica de voluntariado.

1 voluntaria xestora de central de proximidade local.

1 voluntario/a formador

15 voluntarios/as para realizar xestións/acompañamentos médicos.

Recursos materiais:

1 central de proximidade local.

1 ordenador e 1 teléfono.

Material funxible.

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

Avaliación de carácter semestral (avaliación intermedia e avaliación final).

Medirse o número de xestións realizadas polo voluntariado/nº xestións solicitadas polas persoas usuarias

Medirse o número de acompañamentos ao médico realizados por voluntariado/ nº xestións solicitadas polas persoas usuarias.

Medirse a participación en actividades deseñadas do proxecto/ número de persoas con avaliación previa usuarias do servizo.

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

A través de medios de prensa, redes sociais e cartelería.

- **DATAS:**

De xaneiro a de decembro de 2019

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:

2.2.1. NOME DA ACTIVIDADE: Prevención de accidentes no fogar.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Organizarase unha charla sobre esta temática, centrada en aquelas condutas ou hábitos de risco das persoas destinatarias

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Capacitar ás persoas para actuar de maneira segura no seu entorno, detectando condutas de risco e minimizando os posibles accidentes que poidan ocorrer.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN

As persoas destinatarias son maiores de 65 anos con problemas de autonomía persoal

Estímase atender ao redor de 30 persoas usuarias

LUGAR DE REALIZACIÓN

Asemblea de Cruz Vermella ou Centro Sociocultural das Fontiñas.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

- Preparación dos contidos da charla
- convocatoria e preparación da charla

RECURSOS HUMÁNS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACION DA ACTIVIDADE.

Humanos:

- 1 traballadora social.
- 1 técnica de voluntariado.
- 2 persoas voluntarias para a organización e impartición da charla

Materiais:

- Teléfono e ordenador.
- Material funxible.

DATAS

1 xaneiro a 31 de decembro de 2019.

2.3. DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA: "PLAN DE SAÚDE".

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA

Este proxecto pretende reducir o impacto negativo do deterioro físico que inevitablemente prodúcese a medida que aumenta a idade, posibilitando que a persoa maior poida ter un mellor control da súa enfermidade e poida incorporar hábitos de vida saudables que retrasen a aparición de enfermidades crónicas. Desta maneira trabállase para facilitar a permanencia da persoa maior no seu domicilio o maior tempo posible, intentando manter unha calidade de vida no seu proceso de envellecemento.

- Charlas de saúde
- Obradoiros de nutrición e merenda saudable
- Obradoiros de xerontoximnasia

-Obradoiros de horta interxeracional

-Campaña da gripe

OBXECTIVOS E PRIORIDADES

-Mellorar a calidade de vida das persoas maiores e prever a aparición de enfermidades crónicas

-Facilitar a adquisición de competencias dirixidas a ter un maior control do seu estado de saúde

-Potenciar a participación de persoas de idade en actividades físicas e grupais, fomentando a relación con outros grupos de idade

ÁMBITO TERRITORIAL

Concello de Santiago de Compostela. Na Asemblea Cruz Vermella de Santiago e noutros espazos da contorna: Pavillón de Fontiñas, Centro Sociocultural de Vite, Horta Urbana.

- **PERSONAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

Persoas maiores de 65 anos de zonas rurais ou urbanas de Santiago de Compostela. Prevese unha participación de 200 persoas nas distintas actividades.

- **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO**

Prevese un impacto directo na mellora de estado de saúde física e emocional das persoas participantes nos proxectos. Realizarase seguimento periódico con voluntariado.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

Recursos humanos:

- 1 traballadora social responsable do proxecto.
- 1 técnica referente de varias actividades.
- 12 voluntarios/as que participen nos talleres.

Recursos materiais:

- Aula.
- Ordenador.
- Central de contactos
- Material funxible
- Material para actividades físicas
- Material para horta: calzado, guantes, palas...
- Transporte

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

Cuestionarios de avaliación de satisfacción de actividade realizada.

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

Prensa escrita, cartelería, redes sociais

DATAS:

De xaneiro a decembro de 2019.

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:

2.3.1. NOME DA ACTIVIDADE: Charlas de saúde.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Organizaranse 2 charlas sobre cuestións de saúde, como enfermidade crónicas que afectan a poboación, toma de medicamentos, diabetes, hipertensión, depresión...

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Capacitar ás persoas asistentes para un maior autocontrol da súa saúde física e mental.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Nas charlas poderán participar persoas de máis de 65 anos interesadas pola temática ofertada e prevese que participen 30 persoas.

LUGAR DE REALIZACIÓN

Asemblea Cruz Vermella Santiago ou outros espazos da cidade, como o Centro Sociocultural das Fontiñas.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCION

-Búsqueda e contacto con expertos

-Xestión de espazos

-Reunións de planificación das actividades co voluntariado

-Organización de 2 charlas

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACION DA ACTIVIDADE.

Humanos:

1 traballadora social responsable do proxecto.

1 técnica responsable de voluntariado.

3 voluntarios/as dinamizadores/as.

Materiais:

Aula.

Ordenador.

Material funxible.

DATAS.

De xaneiro a decembro de 2019

2.3.2. NOME DA ACTIVIDADE: Obradoiros de nutrición: merendas saudables.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Organizaranse 2 talleres sobre cuestións de nutrición adaptadas as necesidades físicas propias desta idade, aportando recursos doados para alimentarse de maneira saudable cando a persoa vive soa ou non se quere investir moito tempo. As nocións teóricas complementaranse cun obradoiro de merenda saudable para poñelo en práctica e compartir un momento lúdico.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Capacitar ás persoas asistentes para un maior autocontrol do seu estado nutricional e para introducir cambios na súa dieta encamiñados a ter un mellor estado de saúde.

PERSONAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Nas charlas poderán participar persoas de máis de 65 anos interesadas pola temática ofertada e prevese que participen 15 persoas en cada charla (en total 30), na súa maioría, derivadas dos Servizos Sociais.

LUGAR DE REALIZACIÓN

Asemblea Cruz Vermella Santiago ou outros espazos da cidade, como o Centro Sociocultural das Fontiñas.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCION

- Búsqueda e contacto con expertos en nutrición
- Xestión de espazos
- Organización do transporte para trasladar ás persoas usuarias
- Reunións de planificación das actividades co voluntariado
- 2 charlas

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACION DA ACTIVIDADE.

Humanos:

- 1 traballadora social responsable do proxecto.
- 1 técnica responsable da actividade
- 1 técnica responsable de voluntariado.
- 3 voluntarios/as dinamizadores/as.

Materiais:

- Aula.
- Material de cociña
- Alimentos
- Transporte

DATAS.

De xaneiro a decembro de 2019

2.3.3. NOME DA ACTIVIDADE: Obradoiros de xerontoximnasia.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Organizaranse 3 obradoiros de xerontoximnasia, é dicir, ximnasia adaptada ás necesidades das persoas maiores, que desenvolveranse de xeito regular de xaneiro a maio e de outubro a decembro.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

- Mellorar o estado de saúde física e mental das persoas participantes
- Amosar tipos de exercicio que poden incorporar á súa rutina diaria

-Participar en actividades grupais que fomenten a participación e o vínculo entre persoas.

PERSONAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

No obradoiro poderán participar persoas de máis de 65 anos e prevese que participen 30 persoas de xeito regular

LUGAR DE REALIZACIÓN

Pavillón de Fontiñas

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCION

-Xestión de espazos

-Reunións de planificación das actividades co voluntariado

-3 obradorios

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACION DA ACTIVIDADE.

Humanos:

1 traballadora social responsable do proxecto.

1 técnica de voluntariado.

3 voluntarios/as dinamizadores/as.

Materiais:

Aula.

Material funxible

Material de apoio para actividade: bolas de espuma e outros elementos

DATAS

De xaneiro a decembro de 2019

2.3.4. NOME DA ACTIVIDADE: Actividade interxeracional na Horta Urbana.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Organizaranse varias sesións de traballo na horta, nas que as persoas maiores poñerán en práctica os seus coñecementos ou adquirirán outros novos ao tempo que ensinarán estas técnicas aos nenos e as nenas que participen nas actividades de apoio escolar de Cruz Vermella e compartirán tempo e espazo con eles e elas. Crearase un grupo de 10 persoas maiores que participarán cun número similar de menores en sesións semanais de traballo: preparación da terra, sembra, coidado e recollida de froitos.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

-Desenvolver unha actividade física sinxela que contribúa a que as persoas maiores se manteñan activas

-Paliar efectos psicolóxicos negativos vencellados ao illamento e a idade

-Poñer en valor os coñecementos e a experiencia das persoas de idade

-Fomentar a relación das persoas maiores con outros grupos de idade

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Nesta actividade participarán 10 persoas de máis de 65 anos interesadas pola temática ademais de outros tantos menores.

LUGAR DE REALIZACIÓN

Asemblea Cruz Vermella en Santiago e Horta Urbana de Cruz Vermella en Concheiros.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCION

- Reunións de planificación das actividades co voluntariado
- Supervisión do estado da horta
- Mantemento da horta
- Calendarización de actividades adaptadas á época do ano
- 1 obradoiro

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACION DA ACTIVIDADE.

Humanos:

- 1 traballadora social responsable do proxecto.
- 1 técnica de voluntariado.
- 3 voluntarios/as dinamizadores/as.

Materiais:

- Ladrillos para a creación de bancais
- Guantes e botas axeitadas
- Palas e outras ferramentas de traballo
- Sementes

DATAS.

De abril a outubro de 2019

2.3.5. NOME DA ACTIVIDADE: Campañas de promoción da saúde.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Actividades centradas nos seguimentos do estado de saúde da poboación maior a través de campaña telefónica de promoción da saúde, así como detección de necesidades baseadas na pobreza enerxética. Realizarase 1 campaña de información sobre a vacinación da gripe.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Promover hábitos saudables na poboación maior, informando sobre o inicio da campaña de vacina de gripe así como sensibilizar

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

A participación prevista nas campañas da onda de frío e onda de calor e de 100 persoas maiores de 65 anos.

LUGAR DE REALIZACIÓN

Santiago de Compostela

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCION

- Organización da campaña e axenda das chamadas.
- Formación do voluntariado.
- As chamadas realizaranse a través da ferramenta de proximidade local

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACION DA ACTIVIDADE.

Humanos:

- 1 traballadora social.
- 1 responsable de voluntariado.
- Grupo de persoas voluntarias

Materiais:

- 1 central de contacto: proximidade local
- Ordenador e teléfono
- Material funxible.

DATAS.

De xaneiro a decembro de 2019

2.4. DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA: "TELEASISTENCIA DOMICILIARIA".

• **DESCRICIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

O Servizo de Teleasistencia domiciliaria, consta dun terminal e un pulsador que se conecta dende calquera estancia do domicilio na que se atope a persoa usuaria co persoal profesional as 24 horas do día, os 365 días do ano, facilitando unha resposta e intervención inmediata ante calquera necesidade.

O pulsador, que pode levarse colgado ou no pulso, é importante levalo posto sempre que se estea no domicilio, incluso na ducha xa que é impermeable.

En caso de necesidade, só hai que pulsalo.

PRESTACIÓNS:

- Axendas de seguimento dende a central de atención
- Outras axendas personalizadas
- Visita de seguimento por parte do voluntariado para garantir o debido manexo do funcionamento do sistema
- Auto test do servizo
- Chamadas de emerxencia

PROCEDEMENTO:

As solicitudes serán tramitadas dende os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela. Para o acceso ao servizo, todas as solicitudes deben estar valoradas previamente, e iranse xestionando, segundo valoración e conforme existan prazas vacantes no servizo.

A finalidade é ofrecer o servizo de teleasistencia ás persoas que o necesiten mestres non dispoñan da concesión do mesmo por parte do recoñecemento ao mesmo por outras vías de acceso. É, por tanto, unha concesión transitoria co obxectivo de dar unha resposta áxil as necesidades das persoas.

O servizo será gratuito

En caso de falecemento da persoa titular do servizo, se estivera convivindo con outra persoa beneficiaria, os servizos sociais poderían valorar a posibilidade de que esta persoa pase a ser a titular do mesmo. No n poderán ser titulares, a este efecto, quen non seu día non reunía os requisitos físicos ou psíquicos.

Serían causas de baixa no servizo:

1. Deixar de reunir os requisitos establecidos para o dereito ao servizo
2. Por terminarse o prazo máximo de suspensión temporal (3 meses). Non se xustifica por ingreso en centro sanitario.
3. Decisión expresa da propia persoa usuaria de abandonar o servizo
4. Incumprimento reiterado por parte da propia persoa usuaria das súas obrigacións de colaboración ou contractual que dificulten ou fagan inviable a prestación do servizo
5. Por traslado do domicilio fora do municipio.
6. Por falseamento dos datos e información aportados.
7. Por ocultación de circunstancias sobrevidas que alteran a situación.
8. Por concesión do servizo por outros organismos.
9. Por ingreso nun centro residencial
10. Falecemento da persoa usuaria do servizo



• **OBXECTIVOS E PRIORIDADES**

O servizo de teleasistencia ten como obxectivo que persoas que, atopándose nunha situación de risco, desprotección e/ou discapacidade, permanezan no seu fogar, atendendo a reiterada demanda dos mesmos e reforzando a súa autonomía e seguridade. Trátase dun servizo técnico, de natureza social que relaciona as persoas usuarias con sistemas de atención de emerxencias, mobilizando os recursos comunitarios existentes no su ámbito.



• **ÁMBITO TERRITORIAL**

Concello de Santiago de Compostela.

• **PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

Serán titulares do servizo as persoas que se inclúan en algún dos seguintes supostos:

- A) As persoas maiores de 65 anos con autonomía para as actividades básicas da vida diaria ou con necesidade reducida de apoio, as mesmas que vivan solas ou permanezan solas a maior parte do día e se encontren nunha situación de risco, desprotección, enfermidade e/ou discapacidade e no seu caso coidadoras.
- B) As persoas que a xuízo das UTS dos Servizos Sociais comunitarios, se encontren en situación de desprotección, enfermidade ou discapacidade, pese a non vivir ou permanecer solas a maior

parte do día, forman parte dun núcleo ou unidade de convivencia, cos seus integrantes se encontren así mesmo en situación de desprotección, enfermidade e/ou discapacidade.

- C) As persoas con escasa ou nula rede social ou familiar,
- D) As persoas con enfermidades crónicas que supoñan un risco para a saúde
- E) Outras persoas con dificultades de mobilidade e/ou caídas frecuentes.

Para ser beneficiaria deste servizo débense cumprir os seguintes requisitos:

- Ter máis de 65 anos
- Vivir ou pasar gran parte do día solo/sola ou con outra persoa de similar idade e características, aínda cando convivan con outros/as.
- Estar empadroadado no Concello de Santiago de Compostela.
- Ter cubertas as necesidades básicas de vivenda, alimentación, hixiene persoal e de domicilio e dispor dunhas condicións de habitabilidade adecuadas
- O domicilio ten que ter liña telefónica e liña eléctrica no lugar de residencia habitual.

Por necesitar o manexo do sistema de certo nivel de comprensión e discernimento, exclúense como usuarias as persoas con enfermidades mentais graves, incluídas as demencias senís.

Por outra parte, e xa que o sistema posibilita a atención en base, principalmente, a comunicación verbal entre a persoa usuaria e o Centro de Atención, exclúense tamén as persoas con deficiencias severas de audición e/ou expresión oral que impidan o efectivo uso do sistema.

- **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO**

- Cubrir 50 pazas para o ano 2019
- Que o 50% das persoas usuarias desta actividade participen en diversas actividades da entidade

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

Recursos humanos:

- 1 traballadora social.
- 1 técnica de xestión administrativa
- 1 responsable de voluntariado.
- 1 técnico instalador.

Recursos materiais:

- 1 Vehículo.

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

De carácter trimestral mediante unha avaliación continua e posteriormente cunha avaliación final.

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

Memoria, cartelería, prensa e redes sociais.

DATAS:

De 1 de xaneiro a 31 decembro de 2019.

2.5. DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA: "ATENCIÓN A PERSOAS SEN FOGAR".

• **DESCRINCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

Cruz Vermella, prioriza a atención daquelas persoas cun perfil de exclusión social severa, persoas que non acceden os recursos por descoñecemento ou polas súas propias reticencias, con deterioro físico e psíquico e cun longo tempo de estancia na rúa, e para iso pon en marcha en todos os equipos, unidades de rúa co fin de realizar saídas periódicas para a identificación e achegamento a estas persoas.

Á atención de rúa hai que engadirle outras dúas liñas de actuación prioritarias nesta etapa: a atención individualizada e o traballo en rede.

Premisas básicas da nosa actuación:

1. O traballo na rúa.
2. A participación activa do voluntariado na intervención.
3. Manter unha estreita colaboración cos servizos sociais municipais, cos servizos sanitarios, forzas de seguridade e outros recursos, entidades e institucións que atenden as necesidades básicas de aloxamento, manutención, sanitarias e sociais para facilitar a mellora da atención as persoas en exclusión.
4. Manter unha canle de información a poboación en xeral por medio de actividades de sensibilización para mellorar a colaboración da cidadanía.
5. Desenvolver itinerarios personalizados de intervención coas persoas sen fogar.

• **OBXECTIVOS E PRIORIDADES**

OBXECTIVO XERAL

Fortalecemento dun equipo de intervención de rúa, especializado na intervención con persoas en situación de exclusión social severa, que a través de visitas e seguimentos xere un espazo de confianza entre persoas usuarias e institucións capaz de identificar e abordar problemáticas severas, e a partir delas, acompañar ás persoas durante o seu proceso de inclusión.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

- Orientar sobre dereitos, trámites e recursos, vinculados ao sistema sanitario.
- Acompañar ás persoas en exclusión a recursos de saúde.
- Orientar grupal ou individualmente sobre coidado e imaxe persoal/hábitos saudables.
- Ofrecer orientación ás persoas sen fogar sobre recursos sociais e/ou comunitarios existentes que contribúan a fortalecer a súa rede social. Así como sobre as axudas existentes.
- Acompañar ás persoas en exclusión a recursos (fortalecer arraigo social e/ou regularizar situación administrativa).
- Ofrecer a posibilidade de pago de pensións por medio de becas estratéxicas as persoas que pernoctan na rúa como inicio dun traballo individualizado.
- Realizar entregas de produtos de abrigo e alimentación.

- Avaliación/Valoración das persoas usuarias e participación na elaboración dos itinerarios personalizados de inserción, así como a derivación a entidades que se valoren idóneas atendendo a cada caso.

- **ÁMBITO TERRITORIAL**

Concello de Santiago de Compostela.

- **PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

Cruz Vermella Santiago, intervén co colectivo de persoas en exclusión social severa, aquelas persoas incapaces de acceder e/ou conservar un aloxamento axeitado polos os seus propios medios ou coa axuda dos servizos sociais, adaptado a súa situación persoal e que lle proporcione un marco estable de convivencia, ben sexa por razóns económicas ou outras barreiras sociais, ou ben que presenta dificultades persoais para levar a cabo unha vida autónoma.

Ademais, Cruz Vermella traballará con perspectiva de xénero, prestando unha atención especial a mulleres en situación de exclusión social severa, así como outros factores de especial vulnerabilidade.

- **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO**

Preténdese abordar os casos de persoas que están en situación de rúa a través dunha metodoloxía baseada na xestión de recursos, intervención centrada no presente, cunha relación de axuda estruturada, e un abordaxe interdisciplinar.

- **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO**

Recursos humanos:

- 1 coordinadora de intervención con persoas sen fogar
- 1 técnica social e administrativa para apoio na xestión de casos
- 1 técnico administrativo

Recursos materiais:

- 1 Vehículo para rutas.
- Material para usuarios/as (sacos, vestimenta, kits de hixiene).
- Pensións e outros aloxamentos temporais

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

Efectúase por medio da elaboración de itinerarios personalizados de cara ao traballo individual. Vaise ter en conta o número de itinerarios desenvolvidos e os resultados a nivel de mellora da situación de cada persoa.

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

Notas de prensa, memoria, redes sociais, información as diferentes entidades e outros.

DATAS:

De 1 de xaneiro a 31 decembro de 2019.

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:

2.5.1. NOME DA ACTIVIDADE: Intervención na rúa.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Constitúe o primeiro alicerce do acompañamento e da intervención, pola proximidade ás persoas en situación de extrema vulnerabilidade.

O equipo de Santiago de Compostela realizará neste sentido catro saídas semanais, dúas en horario nocturno (Luns e Mércores de 20:00 a 23:30 horas, rutas de noite, propiamente ditas) e ao redor de dúas en diúrno, dando dispoñibilidade cando a situación o requira, destinadas á intervención.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

- Aportar datos cuantitativos e cualitativos sobre a situación das persoas sen fogar no Concello de Santiago de Compostela que faciliten a posterior intervención social
- Facilitar o inicio da relación entre o equipo e as persoas que permitirá o establecemento do acompañamento social.
- Construír o vínculo onde desenvolveranse aquelas actuacións encamiñadas a articular o groso do acompañamento social
- Facilitar a cobertura de produtos de primeira necesidade (roupa de abrigo, sacos...) que melloren a calidade de vida da persoa durante a súa estancia na rúa e a preveñan de posible riscos para a súa saúde.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Persoas en situación de exclusión social severa , carentes de rede social de apoio.

LUGAR DE REALIZACIÓN.

Santiago de Compostela.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Rutas de rúa:

Mañás: Luns a Venres.

Tarde : Luns a Venres.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Recursos Humanos:

1 coordinador do proxecto

1 técnica social

1 técnico administrativo

Recursos materiais:

1 Vehículo

Comida de xeito puntual, produtos de aseo,...

Sacos e roupa de abrigo

DATAS

1 de xaneiro a 31 decembro de 2019.

2.5.2. NOME DA ACTIVIDADE: Pago estratéxico de habitacións individuais en pensións

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Pago e xestión dun aloxamento temporal de emerxencia en pensións e outros recursos habitacionais da cidade, como ponte provisional entre a rúa e outros recursos e vivenda normalizada

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

- Ofrecer alternativas de aloxamento que rompan a dinámica de vida na rúa e facilite a adquisición de novos hábitos

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Persoas en situación de exclusión social severa , carentes de rede social de apoio.

LUGAR DE REALIZACIÓN.

Santiago de Compostela.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Establecemento de contacto e relación coas persoas propietarias dos recursos habitacionais, solicitude e seguimento periódico dos casos

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Recursos Humanos:

- 1 coordinador do proxecto
- 1 técnica social
- 1 técnico administrativo

Recursos materiais:

- 1 Vehículo
- Comida de xeito puntual, produtos de aseo,...
- Recursos económicos para o pago das pensións

DATAS

1 de xaneiro a 31 decembro de 2019.

2.5.3. NOME DA ACTIVIDADE: Acompañamento social.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Acompañar as persoas usuarias a citas médicas, citas coa administración, xestión de documentación ou outras.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

- Desbloquear pequenos conflitos, necesidades e traballar o comportamento proactivo.
- Deseño do plan individualizado de intervención conxunto cos servizos adecuados atendendo a cada caso.
- Acompañamento no proceso, na busca e ensaio de respostas de saída, itinerarios personalizados de inserción social (IPIS)

-Derivación aos recursos especializados adecuados a cada situación.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Persoas en situación de exclusión social severa, carentes de rede social de apoio.

LUGAR DE REALIZACIÓN.

Santiago de Compostela.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN.

Acompañamentos diarios a recursos da cidade como parte de proceso de inserción e saída da situación.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Recursos Humanos:

- 1 coordinador do proxecto
- 1 técnica social
- 1 técnico administrativo

Recursos materiais:

- 1 Vehículo

Recursos económicos para pago de becas de xestións

DATAS

- 1 de xaneiro a 31 decembro de 2019.

TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2019, achegará á CRUZ ROJA ESPAÑOLA a cantidade de **SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00 €)**, segundo o artigo 33 das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018, (*Bases de Execución do Orzamento 2018 con vixencia prorrogada para o ano 2019*) e con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 48000/2019**.

CUARTA.GASTOS SUBVENCIONABLES.

- a) Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.
- b) Gastos de persoal necesario para a execución das actividades: serán subvencionables as retribucións do persoal destinado á execución das actividades ou programas subvencionados. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non preste servizos

directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.

- c) Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados: elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina).
- d) Outros gastos correntes, que estean debidamente xustificados e se consideren estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionable.
- e) En ningún caso serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc.) con cargo os proxectos ou actividade subvencionada, nin dietas por estes conceptos relativas o persoal que preste servizos no desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- f) Non se consideraran gastos subvencionables os efectos da presente subvención os de adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado.

QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Con respecto á forma de pagamento, estarase o disposto nas anteditas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2018 (*Bases de Execución do Orzamento 2018 con vixencia prorrogada para o ano 2019*). Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como **data límite o 31 de outubro de 2019**, a seguinte documentación:

1. Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura (**ANEXO I**).
2. Unha memoria das actividades realizadas no proxecto (**ANEXO II**). Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

3. Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio (**ANEXO III**).
4. Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de conformidade co **ANEXO III**. No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co **ANEXO VIII**. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.
5. Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade segundo o **ANEXO IV**, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola entidade no **ANEXO I**.
6. Unha memoria económica (**ANEXO V**), en que se reflicta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.

7. **XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO** efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

7.1. FACTURAS:

- a) **Facturas orixinais de gasto** (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, **ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa**, incorporados na relación na que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso a documentación acreditativa do pagamento, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberan reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.
- b) As facturas, ou documentos equivalentes ou substitutivos, **presentaranse en orixinal e serán selados** pola Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos cun selo que indicará o procedemento para o que se presentan, para os efectos da súa validación. A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados polo art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se

regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

- c) No caso de realizarse o **pagamento de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión “pagamento anticipado” ou outra análoga. Ademais, de acordo co art. 6 apartado i) do Regulamento de Facturación, deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do provedor, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.
- d) Se presentan **facturas pagadas en efectivo**, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado” e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación da presente subvención establececese en 600 € (seiscientos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo. **(ANEXO VI)**.

7.2. Para o caso de imputarse a subvención **GASTOS DE PERSOAL** deberán achegarse:

- a) Copias dos **contratos** dos/as traballadores/as destinados especificamente a actividade ou programa obxecto de subvención; de non coincidir a categoría especificada no contrato de traballo coas labores asignadas ó proxecto ou actividade subvencionada, dito extremo acreditarase ademais co currículo do/a traballador/r e mais a documentación acreditativa da formación que habilite o desempeño de dita función.
- b) **Nóminas** de ditos/as traballadores/as e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, o mes o que corresponde dito pagamento así como o concepto (data da nómina ao que se refire o pagamento) e ordenante do pagamento.
- c) **Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- d) Retención á conta do imposto do **IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- e) Os custos de persoal deberan acreditarse mediante **Certificado de empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade. E, en todo caso deberá acreditarse mediante Declaración responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito

persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada.
(ANEXO VII)

7.3. A xustificación do **PAGAMENTO** dos gastos imputados a subvención, realizarase por algunha das seguintes FORMAS:

- a) Preferentemente mediante **transferencia bancaria**: xustificarse mediante copia do resgardo do cargo da mesma. E conterá, en todo o caso, a data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a.
- b) **Cheque**: ademais da copia do cheque firmado, xustificarse mediante copia de Certificado Bancario que deberá indicar data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
- c) **Efectivo**: So se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como gasolinerías, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de seiscentos euros. En todo caso acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibín do/da provedor/a, ben por medio dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF do/a provedor/a, a identificación do cliente e a data de pagamento.
- d) Para o caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade, dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade.
- e) No caso de achegar xustificantes de pagamento bancarios no que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificadas, agás que se aporte por parte da entidade beneficiaria xunto con dita transferencia certificado bancario da titularidade da referida conta.

8. **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e da Tesourería do Concello de Santiago) e Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

9. Entregar debidamente cumprimentado o **ANEXO VIII** que forma parte do convenio no momento da súa xustificación asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade.

10. Achegar o **nº de identificación fiscal e nº de conta bancaria** na que facer o ingreso.

11. Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a **adecuada publicidade** do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos mediante a inclusión da imaxe corporativa do Concello de Santiago. As entidades beneficiarias deberán acreditar na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarse a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio, polo que a

tal efecto deberán presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, achegar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula, conforme o **ANEXO IX**.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do **31 de outubro de 2019**, para os efectos no disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

SEXTA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN

As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, **empregando obrigatoriamente os ANEXOS que forman parte do convenio**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, de ser o caso, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas, dando lugar a inobservancia destes aspectos á inadmisión da documentación. Así mesmo, deben ter en conta que toda a documentación se debe achegar en papel tamaño DIN A4, sen espirais, carpetas clasificadoras, arquivadores, encadernacións ou calquera outro engadido ao papel que dificulte ou impida os procesos de tratamento, arquivo e dixitalización da documentación e supoña un gasto evitable e superfluo para as entidades; a presentación óptima realizarase coa documentación numerada e fixada mediante elementos metálicos tipo grampas ou de suxeición similares. Cómpre ter tamén en conta que o engadido de portadas á primeira folia dos modelos normalizados dificulta o proceso nos rexistros oficiais e a alta dos expedientes administrativos, polo que se deberá omitir esta práctica procurando que o selo do rexistro de entrada figure no documento da entidade beneficiaria de presentación da documentación preceptiva.

Así mesmo, co obxecto de verificar os datos contidos nos soportes documentais aportados será necesario que a entidade axunte vía telemática a documentación aportada, os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos

imputados a subvención por medio da remisión de todos os **ANEXOS que se axuntan o convenio en formato de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados, por medio do seguinte correo electrónico (conveniospsociais@santiagodecompostela.gal)- Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos do Concello de Santiago de Compostela, coa data limite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello isto e, **31 de outubro de 2019**.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2018, (*Bases de Execución do Orzamento 2018 con vixencia prorrogada para o ano 2019*) son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as explicitadas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Remitir todos os ANEXOS que se axuntan o convenio en formato de **texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados vía telemática a Concellería da Area de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención de conformidade co estipulado na cláusula sexta do presente convenio.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Acreditar con anterioridade, á proposta de resolución de concesión que se encontra, o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.

- i) A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades por medio da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou publicamente e coa adecuada antelación, de xeito que poidan ser cofecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na cláusula oitava do presente convenio.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- k) Perder o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- l) Dado que a subscripción do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas, voluntarias, becarias ou profesionais que desenvolvan as accións obxecto do mesmo, e o Concello de Santiago de Compostela, a entidade beneficiaria comprométese a manter indemne diante de calquera reclamación, sen poder esixírselle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

OITAVA. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

1. As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago por medio da Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada pólo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe

fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

2. Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, regúlase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.

2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:

a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.

b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.

